

Circular informativa do grupo de traballo de Empresa e Deseño de Modelos de Negocio.

Estimado/a profesor/a,

Como directora do grupo de traballo, traslado por medio da presente circular a información relativa ao modelo de exame de Empresa e Deseño de Modelos de Negocio para as convocatorias da PAU correspondentes ao ano 2026.

O **modelo de exame** para as convocatorias de **2026** ten as seguintes características e estrutura (véxase o modelo de exame dispoñible na páxina web da CIUG da materia Empresa e Deseño de Modelos de Negocios):

O exame consta de **catro preguntas** de resposta obrigatoria, de 2,5 puntos cada unha:

1ª pregunta de resposta única. Ten tres apartados: 1º. 1 punto. 2º: 1 punto. 3º: 0,5 puntos.

2ª, 3ª y 4ª pregunta, con posibilidades de elección no segundo apartado. Teñen dous apartados 1º, sin posibilidades de elección, 1 punto; 2º con posibilidade de elección entre dous subapartados, 1,5 puntos.

As preguntas 1ª e 2ª son problemas prácticos similares aos dos cursos anteriores. A 2ª pregunta será sobre os contidos prácticos correspondentes aos bloques que figuran nas orientacións sobre cálculo e interpretación da rendibilidade económica e financeira, o balance e a conta de resultados. O resto de casos prácticos sinalados nas orientacións serán obxecto de avaliación na 1ª pregunta.

Nas preguntas 3ª e 4ª expónse un texto, similar aos que figuran no modelo de examen publicado, a partir do cal se fan preguntas, co obxectivo de aplicar conceptos teóricos. A pregunta 3ª estará relacionada cos contidos dos bloques I e III das orientacións do grupo de traballo, e a pregunta 4ª cos dos bloques II e IV

Quero aproveitar a ocasión para agradecer o esforzo de adaptación realizado neste curso ao novo modelo de exame na materia Empresa e Deseño de Modelos de Negocio. Quedo á súa disposición para calquera consulta ou aclaración que precise.

Reciba un cordial saúdo

Mª de la Cruz Suárez Mallo

Directora do grupo de traballo de Empresa e Deseño de Modelos de Negocio.